



Margarita Cimadevila, natural de Sada, A Coruña, licenciouse en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela e exerceu como profesora de Física e Química en distintos institutos de Galicia. Actualmente imparte docencia no IES Urbano Lugo da Coruña, do que é directora.

A súa obra pictórica primeira está fortemente influenciada polas raíces da súa terra, sendo unha das súas temáticas recorrentes as cunchas mariñas, interesándose tamén polos petróglifos galegos e as culturas antigas.

A raíz da súa participación na HST03, escola de profesores do laboratorio europeo de investigación nuclear, CERN, en Xenebra, a súa obra céntrase en unir os seus dous mundos, presentando una proposta na que Ciencia e Arte se mesturan e entrelazan, que ten un carácter artístico, divulgativo e didáctico.

A presentación da exposición a cargo da autora terá lugar:

Martes 2 de marzo 17:00

C. C. Carvalho Calero

(Praza do Inferniño)




ASOCIACIÓN VECIÑAL
O ROSARIO - INFERNIÑO

avvorosario@gmail.com
www.orosario-infeninho.blogspot.com

CIENCIA EX AEQUO

M. CIMADEVILA



EXPOSICIÓN DO 1 Ó 15 DE MARZO CENTRO CULTURAL CARVALHO CALERO

Ao longo da Historia as mulleres que traballaron no campo da Ciencia tiveron que superar todo tipo de obstáculos e inconvenientes para poder estudar, investigar, e traballar nunhas condicións lamentables. Sempre nos preguntaremos onde terían chegado se as súas condicións laborais tivesen sido diferentes.

Ciencia EX AEQUO réndelles homenaxe ás mulleres científicas que, a pesar de realizaren un magnífico labor e mereceren recoñecemento polo seu traballo, foron ignoradas, esquecidas ou relegadas a un segundo plano a favor dos seus superiores, colegas ou competidores masculinos que, en moitos casos, non tiveron reparo en atribuírse os seus traballos.

Previamente ao traballo artístico, a autora realizou unha investigación sobre mulleres que sufriron esa discriminación, e dado o número de casos encontrados, decidiuse facer unha selección centrada no século pasado e nos campos da física, química, bioloxía, matemáticas e astronomía, que se concretou en doce científicas.



Non é casualidade que celebremos esta exposición, coincidindo co 8 de marzo, Día da Muller. A loita por a igualdade de dereitos foi dando os seus froitos e en moitos países hai xa máis mulleres na universidade que homes e, pouco a pouco, vaise impondo a igualdade en niveis superiores da carreira académica (doutorado, profesorado, etc.), pero aínda existe ese "teito de cristal" contra o que a maioría de mulleres que se dedican á ciencia acaban estrelándose en algún momento da súa carreira.

Canto máis arriba na carreira científica, máis evidente é a desigualdade entre homes e mulleres e máis difícil lles resulta a estas lograr un recoñecemento acorde cos seus méritos obxectivos.



A fonte de inspiración da autora foi o feito científico sobre o que esas mulleres traballaron, o que fai que, aínda que todos os cadros tratan de Ciencia, toquen temáticas moi diferentes, que quedan plasmadas en doce lenzos (1x1 m² técnica mixta) acompañados dunha breve explicación científica e unha nota biográfica.



As doce elegidas son Lisa Meitner (fisión nuclear), Ida Tacke (renio), Annie Cannon (clases espectrais), Cecilia Payne (estrelas de hidróxeno e helio), Chien-Shiung Wu (non conservación da paridade), Marguerite Perey (francio), Emmy Noether (teorema de Noether), Rosalind Franklin (ADN), Jocelyn Bell (púlsares), Nettie Stevens (relación cromosomas e sexo), Henrieta Leavitt (relación entre período e luminosidade en estrelas variables) e Inge Lehmann (núcleo interno da Terra).



Emily Noether (1882-1925)
Matemática alemá

